

Descubrimento da placa da rúa Álvaro Cebreiro

01/12/2015

“Es necesario crear una atmósfera de terror, hay que dejar sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todo el que no piense como nosotros”. Estas terroríficas palabras foron escritas nunha ordenanza militar secreta pola persoa que, incrivelmente, durante moitos anos foi homenaxeado nas rúas desta cidade: o Xeneral Mola. Hoxe, por fin, ese nome vencellado á barbarie abandona o noso rueiro. Deixádeo ir. Hoxe estamos aquí reunidos arredor dunha figura diametralmente oposta. Cambiamos sangue por cultura, morte por vida. De Mola a Álvaro Cebreiro.

Das mensaxes escuras que chamaban a destruír, A Coruña pasa ás mensaxes que pedían fundar un máis alá que comezaba aquí mesmo. Mudamos as cores sinistras pola policromía coruñesa por excelencia que representa Álvaro Cebreiro.

Somos unha cidade dotada cun especial talento artístico, e o ilustrador que agora bautiza esta rúa foi un dos seus mellores expoñentes nesa fecunda etapa que parecía abrirse nalgúns anos do primeiro terzo do pasado século, cando a cultura galega -e con ella a ilustración, en todos os seus sentidos- rexurdía tamén grazas ás poderosas imaxes de Cebreiro, que recollían como ninguén o espírito popular da Coruña. Porén, precisamente o golpe militar freou a súa traxectoria. Pero volvería ao seu traballo. E con esta rúa aquí quedará, como símbolo para as súas veciños e veciñas.

Para este Concello a elección de Álvaro Cebreiro resulta toda unha declaración de intencións. Temos no mundo das artes, do debuxo e da Memoria liñas de actuación que consideramos fundamentais. Temos no Salón do Cómic -porque é máis que posible que hoxe en día Cebreiro se dedicase á banda deseñada- un referente que queremos potenciar aínda máis. Temos no Centenario das Irmandades da Fala unha oportunidade para rescatar e poñer en valor á todo o potencial cultural que agromou na Coruña de hai un século. Fomos antes e somos agora cidade de vangarda, e de vangardas culturais soubo moito Álvaro Cebreiro. Unha rúa neste barrio da Peixería leva desde hoxe o seu nome. Ben que o merece. De outros non se podía dicir o mesmo.

Moitas grazas.